

COLEXIO PÚBLICO DE EDUCACIÓN INFANTIL E PRIMARIA  
**MANUEL MASDÍAS**



**ENTROIDO 2013**

### COPLA DA COMPARSA (música da saia de Carolina)

O planeta Terra é noso  
nós o temos que coidar  
e para iso é importante  
os residuos reciclar.

Retrouso:

Reciclas no Masdías?  
Reciclo si señor.  
Todo ben separado  
en cada colector (3 veces)  
Reciclas no Masdías?  
Reciclo si señor.

No contedor azul  
reciclamos o papel  
separámolo nas aulas  
e no patio tamén.  
Retrouso

No contedor amarelo  
botamos plástico e latas  
porque se chegan ao mar  
contaminan e ata matan.  
Retrouso

No contedor verde escuro,  
Que é o que podemos tirar?  
O que sobra en cada casa  
e non se pode reciclar.  
Retrouso

O que sobra das merendas  
vai para o noso compostEiro  
e as follas do noso patio  
que recolle o xardineiro.  
Retrouso

O lixo que tes na casa  
aprende a reciclar.  
Por que non recolles lixo  
e aprendes a separar?



## TESTAMENTOS DE INFANTIL

### 3 ANOS

PARA A PROFE MARIBEL,  
INSTRUMENTOS DE PAPEL.  
PARA O NOSO PROFE DE INGLÉS,  
UN ZAPATO DO REVÉS.  
PARA A QUERIDA ALEJANDRINA,  
UNHA FERMOSEA BOCINA.  
PARA OS NENOS DE 4 ANOS.  
UNS PARAUGAS ANANOS  
PARA O PRIMEIRO CICLO,  
ALGÚN QUE OUTRO TRICICLO.



### 4 ANOS

PARA A PROFE LOLI,  
ÍMOSLLE DEIXAR UN BOLI.  
PARA A PROFE ROSA,  
UN PELUCHE DE OSA.  
PARA A MESTRA LAURA,  
UN XOGO PARA A AULA.  
A INÉS ÍMOSLLE DAR  
UN MANDILÓN DO REVÉS,  
PARA OS NENOS/AS DE 5 ANOS.  
UN BO PAQUETE DE PANOS,  
PARA OS DE 3º E 4º UN BONITO  
BARCO.



## TESTAMENTOS DE INFANTIL

### 5 ANOS

A CARLOS, QUE NOS AMAÑA A ESCOLA,  
DEIXÁMOSLLE UN BOTE DE COLA.  
A VERÓNICA, QUE NOS COIDA NO RECREO,  
REGLÁMOSLLE UN SOMBREIRO.  
A ROSANA, QUE NOS DEIXA A CLASE RECHAMANTE,  
DEXÁMOSLLE UN BRILLANTE.  
Á CLASE DE 3 ANOS,  
REGALÁMOSLLES UNHA NAVE DE MARCIANOS.  
A OS DO 3º CICLO, QUE SON OS DE 5º E 6º,  
DEIXÁMOSLLE UN ESQUELETO.

E AGORA O TESTAMENTO DA CLASE DE 5 ANOS:

A LAURA DEIXÁMOSLLE UNHA XAULA.  
A ZOE DEIXÁMOSLLE UN RATO QUE ROE.  
PARA ROQUE, UN COCHE DE CHOQUE.  
A MENCÍA DEIXÁMOSLLE UNHA SANDÍA.  
A XIÁN REGALÁMOSLLE UN CAN.  
A JAVI DEIXÁMOSLLE UN TRAXE DE SKY.  
A NEREA QUÉDALLE UNHA BALEA.  
PARA LUCÍA UNHA PISCINA.

A YAGO DEIXÁMOSLLE UN MAGO.  
A XIANA REGALÁMOSLLE UNHA PERSIANA.  
A VALLE QUÉDALLE UNHA CALLE E PARA LOLA, UNHA FAROLA.  
E POR ÚLTIMO A MERCEDES,  
QUE LLE QUEDA UN KILO DE PRECEBES



## TESTAMENTO DE PRIMEIRO

Son o Meco e tralo meu xuízo  
ídesme queimar  
aquí o meu testamento vouvos  
deixar:

As aulas de infantil,  
terán unha cesta de froitas  
tropicais  
por seren tan larpeiráns.

As/os de segundo, déixolles un  
bocoi de tila  
para que fiquen tranquilas/os  
durante unhas  
semaniña como se for unha lila.

Para a clase terceiro déixolles un  
galano  
ben bonitiño, unha árbore de  
chuches  
para plantala no horto da escola  
este ano.

Para as/os de quarto déixolles  
un carro sen eixo cargado de  
noces  
para que ás coman antes de  
xogar ó marro.

Para as/os de quinto un reloxo  
solar



así sen gastar baterías,  
na clase a hora poderán mirar.

Para as/os de sexto déixolles  
calcetíns  
furados para vender no mercado  
e á excursión non ter que ir en  
patíns.

E agora vou cos de primeiro estes  
bulideiros que despistado me  
teñen, semellan moi boíños pero  
son moi balbordeiros:

## TESTAMENTO DE PRIMEIRO

Para Yuan e Aroa caixas de cereais

Para que non falen demais.

Para Iago e Cristian bocadillos de fouciños

para que esteán máis caladiños.

A Enma e Brais unha grande pereira

para que fiquen quedos na ringleira.

A Martín e Mónica un cento tulipáns

para que non pinten ás máns.

Para Zacarías e Anxo un furancho

para que papen o rancho.



A Noa e Guillermo un rodaballo á grella

para que non se queimen unha cella.

A Omar e Iker cen quilos de mexilóns

para que esperten os dormilóns.

A Gael, Noé e Roi un trespés

para que non poñan do revés.

## TESTAMENTO DE SEGUNDO

Para Kevin e Salomón  
mercámoslle un salmón.

Para Tatiana e Nicolás  
un cento de paspallás.

A Evelyn e Paula  
que traballen na aula.  
Para José Luis e Adrián  
que non lles ataque un can.

Para Yaiza e Janira  
que lles toque a lotería.

Para Esmeralda e David  
que lles medre o nariz

Para os alumnos de primeiro  
invitámolos a un cruceiro.

Aos alumnos de terceiro  
regalámoslle un floreiro.

Para os alumnos de cuarto  
unha morea de cartos.

Para os alumnos de quinto  
un vasiño de viño tinto.

Para os alumnos de sexto  
uns tulipáns nun testo.



## ENTROIDO 2013

### TESTAMENTO DE SEGUNDO

Para María José e Maribel,  
regalrémoslle un tarro de mel.

Para o profe de Inglés,  
traeremos un cempés.

Para Cristina,  
unha fermosa bailarina.

Para Pablo e Roberto,  
uns calcetíns para o pé derecho.

Para Lupe e Rosa,  
unha lámpada maravillosa.

Para Loli e Pilar,  
unha fogata para o seu lar.

Para Óscar e Sandra,  
unha perigosa salamandra.

Para Carmen e Xoán,  
un anaco de mazapán.

Para Laura e Alejandrina  
deixarémoslle unha gran  
mandarina.

Para Inés e Vero,  
Un vello sombreiro.



### TESTAMENTO DE TERCEIRO

Deixou este testamento  
para a clase de Terceiro,  
este Meco tan cheirento  
este Meco mentireiro:

A Jairo mais a Samanta  
crocodilos e osos panda.  
A Dani e a David  
que lles medre o nariz.  
A Uxía e a Xiao  
un pantalón "mexao".  
A Antonio e Carolina  
que se lles xee a piscina.  
A Ainhoa e a Candela  
que lles morda unha cadela.  
A Yaisa e a Andrea  
unha tormenta de area.  
A Nico e a Johanna  
que se coman unha araña.  
A Icia e a Yanelia  
que lles rompa unha xanela.  
A Judit e a Sandra  
un bocadillo de landras.  
A Favila e a Pablo  
un calzoncillo enchoupado.  
A Rosalía e Abraham  
culebras con pan.  
A Bruno e a Silvana  
resbalón cunha banana.  
A Edgar e a Lupe  
chocolate con un cuspe.  
E agora imos por cursos

que tamén van herdar :

A Infantil vailles deixar  
un pouco de sal.  
A Primeiro  
avespas nun caldeiro.  
A Segundo  
traxes de vagabundos.  
A Cuarto,  
cinco pulgas e oito patos.  
A Quinto  
nos exames moitos cincos.  
A Sexto  
que se lles dupliquen  
os libros de texto.

E ás mestras?  
Nada hai para deixar?



### TESTAMENTO DE TERCEIRO

Para os mestres e as mestras  
deixa o Meco este cantar,  
non vaia ser que se queixen  
e non nos deixen xogar:

Para Inés  
cucarachas con mel.  
Para Verónica  
que se coma unha armónica.

Para Laura  
que se convirta  
nunha minotaura.

Para Alejandrina  
pan con espiñas.

Para Xoan  
mercurio con pan.

Para Cristina  
unha cobra con sardiñas.

Para Sandra  
dar clases con escafandra.

Para Pili  
que teña que facer a mili.

Para Maribel  
que se mexe  
na cama dun hotel.

Para o Thicher  
que se atragante cun chicle.

Para Oscar o Director  
que o metan nun colector.

Para Roberto  
que se caia

nun montón de esterco.  
Para Estrela a orientadora  
que se caia  
dentro da lavadora.

Para Carmen  
unha viaxe a Marte.  
Para Pablo o de Proa  
que se case  
cunha boa.

Para Maria Amado  
arañas nun caldo.  
Para a Secretaria Olga  
que chore cunha cebola.

Para as de Relixión  
que se coman un "marrón".  
Para o conserxe Carlos  
un furado de agasallo.  
Para Marina e Kaltun  
que se coman un atún.  
Para Dulce, Rosana e Luz,  
que lles cague o colexió  
unha avestruz.



### TESTAMENTO DE CUARTO

- Son o Meco  
e vanme queimar  
se saio culpable  
de non reciclar.  
Pero algo é ben certo,  
que antes de me queimar  
un testamento aquí vos vou deixar.
- Aos nenos e nenas de infantil  
mántodos a todos a Brasil.
- Aos nenos e nenas de primeiro  
non lles deixo nin o contedor  
amarelo.
- Aos nenos e nenas de segundo  
déixolles moito barullo.
- Aos nenos e nenas de terceiro  
que se coman todos un peido.
- Aos nenos e nenas de quinto  
tírolles unha botella de viño.
- Aos de sexto, polo seu último ano,  
déixolles mil mocos nun pano.
- Pensades que aos de cuarto non  
deixaba  
pois estades pensando nunha  
parvada!
- A Ainoha Abella  
déixolle uns petardos nas orellas.
- A Lucas Couce Simó  
déixolle un podre limón.
- A Oscar Díaz  
déixolle moitas "espinillas".
- A Joam Ferreiro  
déixolle a cornada dun carneiro.
- A Adrián González  
déixolle uns mexos interminables.
- A Nerea Jiménez  
déixolle moreas de chupetes.



### TESTAMENTO DE CUARTO

A Sinay Jiménez  
déixolle unha fea chaqueta de  
neve.



A David Manzano  
déixolle unha bosta de cabalo.

A Noemí Pardo  
déixolle un dinosauro.

A Xam Pico  
déixolle un abrigo cheo de  
pinchos.



A Jose Santalla  
que se coma unha rata.

A Jose Vázquez  
que se quede atrapado en Marte.

A Tiara Vázquez  
déixoa caer polo váter.

E remato cuarto con Sandra  
mandándoa para sempre a  
Australia.



## TESTAMENTO DE QUINTO

Antes de facer testamento  
Este meco fai un xuramento  
iContaminarei ata morrer  
Aínda que por iso teña que arder!

Para os profesores/as desta  
escola  
Deixo unha ristra de cebolas  
Para choraren ben a gustiño  
Polos recortes do seu soldiño.  
  
E para cada un ou unha  
outra cousa menuda

A Alejandrina, clavarse unha  
espiña  
A Inés cheirume nos pés  
Á profe Vero quedar atrapada no  
xeo  
A Laura quedar pechada na aula  
A Xan uns nenos/as ben lacazáns  
A Cristina afundirse na piscina  
A Lupe, a de terceiro, caerse no  
composteiro  
A Sandra un amargo anaco de  
laranja  
A Pili un cerebro mini  
A Maribel que lle rouben os cedés  
A Oscar unha picadura de mosca  
A Olga, a secretaria, unha viaxe a  
Cantabria

A Roberto quedar colgado da  
canastra de baloncesto  
A Xoán, de inglés, falar sempre do  
revés  
A María José torcerse un pé  
A Estrela, a orientadora, que  
estoupe a computadora  
A Rosa, Ana e Loli que as arreste a  
Poli  
E a o voso conserxe Carlos que  
remate por fin os baños.



### TESTAMENTO DE QUINTO

A cada curso lego o que segue:

A os cursos de Infantil asustarse nun ferrocarril  
A primeiro que se caian dun castiñeiro  
A segundo desaparecer nun burato profundo  
A terceiro un cachete no traseiro  
A cuarto que lles trabe un lagarto  
A quinto facerse famosos en Telecinco  
E por último, a sexto morrer aplastados por libros de texto



Rematando o meu testamento  
Nomearei aos de 5º curso  
Que me fixeron con moito esforzo  
E merecen un bo almorzo  
Para Vero que se frote co dedo  
Para Aridia que estude todo o día  
Para Csaba que non bote ningunha baba  
Para Alex suspender mates  
Para Jeni que lle chamen Beti  
Para Adán ser un folgazán  
Para Samaria quedar sen ir á praia  
Para Isaballa unha boa dor de cabeza  
Para Marcos quedar sen cartos  
Para Judit facerse pis  
Para Sabela que a esmague unha



estrela  
Para Inés que lle trabe un cempés  
Para Andrea pelexar con Nerea  
Para Daniel mancharse cun Actimal  
Para Jonás que estude más e ao final, que a Efraín lle rouben o patín

### TESTAMENTO SEXTO

Son o Meco que vai morrer  
por iso testamento quero facer  
e para empezar,  
aos nenos e nenas vou a  
agasallar:

Para infantil, que os coma un  
xabarin.

Para primeiro, que lles cheire a  
clase a peido.

Para segundo, que os rapte un  
vagabundo.

Para terceiro que se perdan no  
inferno

Para os de cuarto, que lles dea  
un infarto.

Para quinto, que lles coman os  
mosquitos.

E para nós, os mellores, miles de  
trillones.

Á nosa clase

Para Tais, unha bronca dos seus  
pais.

Para Borja, que o aplaste unha  
gorda.

Para Gerson, que quede  
amarelo coma o queixo.

Para Jorege, moitos anos de  
mala sorte,

Para Paula, que quede calva.

Para Noa Moreira, que lle boten  
os libros a papeleira.

Para Alba López, moitos azotes.  
Para Jessi, que lle de un balonazo  
Messi  
Para Mirella, que a queimen na  
fogueira.  
Para Noa, que se converta en foca.  
Para Michelle, que a atropelle un  
tren.  
Para Alba García, que desapareza  
un día.  
Para Jesús, que marche nun bus.  
Para Jenifer Gabarre, que ninguén  
lle fale.  
Para Andrea, que quede na aula  
atada a unha cadea.  
Para Isma, que quede sen vista.  
Para Bruno, que sexa máis burro.  
Para Laura, que quede sen fala.  
Para Irimia moitas espinillas.



## TESTAMENTO SEXTO

### PROFES

Para Maribel, que lle corten os pés.

Para Pili a de quinto, que se perda nun labirinto.

Para Óscar o "dire", que a inspectora o retire.

Para a xefa de estudos, que se namore dun vagabundo.

Para Olga a secretaria, que lle de a Malaria.

Para o teacher, o de Inglés, que o expulsen un mes.

Para Lupe, a de terceiro, que coma o composteiro.



Para Cristina, a de segundo, que a boten ao fin do mundo.

Para Xoán, o de primeiro, que o deixe calvo o barbeiro.

Para as mestras de Infantil, que os nenos se fagan pis.

Para Roberto que se valla do colexió.

Para Estrela ,a Orientadora, que se vaia con Dora a Exploradora.

Para as mestras de relixión, unha baixada de tensión.

Para María Amado, a deixo sen tacóns altos.

Para Carlos o Conserxe, que non rompa máis paredes.



## ENTROIDO 2013

### XUÍZO AO MECO 2013

( Ábrese o pano. Acéndese a luz.  
Vese unha sala de audiencias dun  
xulgado. Sae o alguacil a escena,  
dirixíndose ó público)

**ALGUACIL**  
Público respetable  
benvido a esta sesión  
vaise xulgar a un perigo  
un criminal destructor.

Mostrade moita atención  
que vai comezar a audiencia  
tendes que estar en silencio  
a xuíza non ten paciencia.

Tamén hai unha avogada  
que o pode defender  
e unha fiscal sen piedade  
que moi dura vai a ser.

Pase xa a señoría  
a avogada e a fiscal  
que comece o xulgamento  
que despois hai que xantar.

( Entran a xuíza, a fiscal e a  
avogada, diríxense ós seus  
sitios)

**XUÍZA**  
Comencemos a sesión  
está preparada xa?  
Que é vostede a avogada  
e ten que gañar o pan!



**AVOGADA**  
Son a avogada no xuízo  
teño moito que falar  
"pra" defender á acusada  
que a queren condenar.



**XUÍZA**  
Fale agora a fiscal  
porque aquí para algo está  
conte ben por esa boca  
se a acusada fixo mal.

### FISCAL

Vou falar moi amodiño  
tense que entender moi ben  
porque a acusada de hoxe  
a ninguén lle fixo ben.

### XUÍZA

Preséntenos á acusada  
alguacil, faga o favor.  
Cóntenos quen fixo o dano  
que o piden con gran clamor.

### ALGUACIL

De apellido ten o Lixo  
de nome "Contaminación"  
vai estragando o planeta  
sen mesura e sen pudor.

Fixo grandes feridas  
capa de ozono furou  
e din que un cambio no clima  
a acusada provocou.



### XUÍZA

Pare xa, non siga andando  
hai quen poida demostrar  
que o que di é verdadeiro  
e non falar por falar?

### FISCAL

As acusacións son claras  
testemuñas entren xa  
que todo isto se aclara  
se a xuíza quere escoitar.

### XUÍZA

Meta na sala a primeira  
señor alguacil sen demora  
que este xuízo se aclare  
que non quedan moitas horas.

(Entra a testemuña 1. O alguacil  
achégase a pedir xuramento  
sobre un diccionario)

### ALGUACIL

Xuran vostedes sobre este  
diccionario,  
decir a verdade  
toda a verdade  
e nada más que a verdade?

### TESTEMUÑA 1

Xuramos!

### XUÍZA

Proceda a señora fiscal

## ENTROIDO 2013

### FISCAL

Coñecen á acusada  
e o que fixo sen dudar?

### TESTEMUÑA 1

Coñecemos á malvada  
e vímola a acusar.

### FISCAL

Que fixo pois a coitada  
que tanto as fai enfadar?

### TESTEMUÑA 1

Bota fume cheo de lixo  
no aire de respirar  
de coches e de cidades  
de fábricas e demais.

Fixo que a capa de ozono  
se comezase a furar  
daquela non nos protexe  
porque o sol nos quenta máis.

### AVOGADA

Non será que estas nenas  
o que queren é amolar?  
Non lles quedará no aire  
abondo que respirar?

### TESTEMUÑA 1

Non temos, non señora,  
que hai moito lixo xa

o xeo que hai nos polos  
vai derretido "pra" o mar.



### XUÍZA

Esta claro, poden ir  
á súa casa a descansar  
que comeza a quedar claro  
que cousa é contaminar.

### ALGUACIL

Fago pasar con a venia  
ás seguintes testemuñas  
non vaia pasar o tempo  
e quedemos sen nengunha.



## ENTROIDO 2013

### XUÍZA

Pase logo veña axina  
que xa penso no café  
e vostede, teñoo claro,  
que xa tomaria o té.  
(mirandoo o reloxo)

(Entra a testemuña 2. O alguacil  
achégase a pedir xuramento  
sobre un diccionario)

### ALGUACIL

Xuran vostedes sobre este  
diccionario,  
decir a verdade  
toda a verdade  
e nada máis que a verdade?

### TESTEMUÑA 2

Xuramos!

### FISCAL

Coñecen á acusada  
Lixo e Contaminación?

### TESTEMUÑA 2

Coñecemos as maldades  
que provoca sen razón.

### FISCAL

Conten, falen testemuñas  
que os oídos oigan xa  
todo o que saben clariño

que o queremos escoitar.

### TESTEMUÑA 2

No noso barrio había  
moito plástico ao redor  
que acababa nas rúas  
fora do contenedor.

Chegaba logo ata a ría,  
e de alí chegaba ao mar,  
e a moitos animais mariños  
acababa por matar.



### AVOGADA

Será que o estropearon  
teñen cara de trastáns  
metéronlle algo dentro!  
Non me sexan mentiráns!

### TESTEMUÑA 2

Non é certo, é verdade  
que Dona contaminación  
non quere que aprendamos  
o uso do contenedor.

## ENTROIDO 2013

### XUÍZA

Chega, chega...non pelexen  
Dona Lixo oigo xa  
que as vai facendo ben boas  
e habémola de xulgar.

### ALGUACIL

Quere a súa señoría  
que traia máis outra vez  
a quen acuse á malvada  
que ninguén a pode ver?

### XUÍZA

Pase, pase, que me agobio,  
o tempo corre de presa  
e van pasando os minutos  
e eu quero ir á mesa.

(Entra a testemuña 3. O alguacil  
achégase a pedir xuramento  
sobre un diccionario)



### ALGUACIL

Xuran vostedes sobre este diccionario,

decir a verdade  
toda a verdade  
e nada más que a verdade?

TESTEMUÑA 3  
Xuramos!

### FISCAL

Coñecen de algo á acusada?  
Fíxolle mal ou traición?

TESTEMUÑA 3  
Iamos ir á fraga  
pero alguén a queimou  
e verteron ali lixo  
medrou a contaminación.

Da fraga saía un regato  
que as pilas arrastrou  
envenenouno o mercurio,  
e cos peixes acabou.

### AVOGADA

Vaia con os señoritos,  
de luxo facer viaxes!  
E agora queren tamén  
que se lles protexe a paisaxe?.

TESTEMUÑA 3

Non é luxo que é a vida  
o que hai que protexer  
no mar, nos ríos e fragas  
a vida hai que socorrer.



## XUÍZA

Canto aprendo neste xuízo!  
Aprendo ata ecoloxía!  
Pena de que teña fame  
e non teña todo o día.

## ALGUACIL

Pois coa venia señoría  
quedan unhas testemuñas  
e se as fago pasar xa  
xa non queda máis nengunha.

(Entra a testemuña 4. O alguacil  
achégase a pedir xuramento  
sobre un diccionario)

## ALGUACIL

Xuran vostedes sobre este  
diccionario,  
decir a verdade  
toda a verdade  
e nada más que a verdade?

## TESTEMUÑA 4 Xuramos!

FISCAL  
Conten, conten  
Dona Lixo xa levou un bo repaso,  
agora decide vós  
e xa pechamos o caso.



TESTEMUÑA 4  
Pois queremos denunciar  
na nosa ría que pasa  
e vimos aquí a contar,  
que hai que faceren na casa.

A nosa ría esmorece  
co lixo que vai "pro" mar,  
o aceite matando aos peixes,  
a ameixa non pode máis.

## ENTROIDO 2013

Polo bater vai todiño,  
non sabemos separar  
e ademáis a depuradora  
non comeza a funcionar.

As fábricas botan lixo  
as casas producen máis  
na praia pasan os anos  
e non nos deixan bañar.

### AVOGADA

Nunca vin tanta parvada,  
pola cisterna "pra" baixo  
toda a vida se tirou  
e non había "pra" tanto!

A ría o leva todo  
só basta con cheirar  
ese bonito arrecendo  
en Caranza á beiramar.

### XUÍZA

Señor alguacil,  
haberá que escoitar  
quen acuse doutro mal?

### ALGUACIL

Quedan dúas testemuñas,  
eu non vexo máis nengunha.

### XUÍZA

Pois fagaas pasar  
que de fame vaime mal.

(Entra a testemuña 5. O alguacil  
achégase a pedir xuramento  
sobre un diccionario)

### ALGUACIL

Xuran vostedes sobre este  
diccionario,  
decir a verdade  
toda a verdade  
e nada máis que a verdade?

**TESTEMUÑA 5**  
Xuramos!

**TESTEMUÑA 5**  
Vimos aquí acusar  
que con só reciclar  
non se amaña tanto mal.

Se queremos o planeta  
entre todos defender  
das tres R hai unha  
que é importante obedecer.

Reducir é o difícil  
o más duro de facer  
pero xa sabemos  
que o más efectivo é.

### AVOGADA

Reducir, reducir, reducir...  
(con desprecio)  
Estas tolas testemuñas

falannos de conducir.

### TESTEMUÑA 5

Non é a velocidade  
é a contaminación.  
Se reduces o consumo  
reduces a polución.

Usar menos papel  
menos envases de plástico  
volver á bolsa do pan  
e o aluminio, nin tocalo.



### XUIZA

Valeume esa explicación  
reducir é interesante,  
como me gusta escoitar  
o consumo responsable.

### ALGUACIL

Pois señoría  
ainda non pode marchar  
que dúas novas testemuñas  
aínda ten que escoitar.

### XUÍZA

Yo me desmair coa fame  
por culpa da polución  
que non me deixa ir xantar  
Dona Contaminación.

(Entra a testemuña 6. O alguacil  
achégase a pedir xuramento  
sobre un diccionario)

### ALGUACIL

Xuran vostedes sobre este  
diccionario,  
decir a verdade  
toda a verdade  
e nada más que a verdade?

### TESTEMUÑA 6

Xuramos!

### TESTEMUÑAS 6

Desde o océano Pacífico  
Vimos desde Oceanía  
aló no medio do mar  
haiche moita porquería.

Un mar enteiro de plástico  
todiño a contaminar  
e a moitos animais mariños  
vai acabar por matar.

### AVOGADA

Nunca vin tanta parvada  
Dona Contaminación

qué fixo con eses plásticos?  
Botounos desde un avión?

### TESTEMUÑA 6

Cada vez que un plástico  
deixamos de reciclar  
polo vento ou polo aire  
pode chegar ata o mar.

### FISCAL

O vé, señora avogada?  
Agora quen di parvadas?

### XUIZA

Pare aÍ esa avogada  
que non ten un argumento  
será porque no principio  
non lle tomei xuramento?

Pechemos este xuízo  
que chega de acusación  
a sentenza está escrita  
teñoa aqui no caixón.

### TESTEMUÑA 7

(Escoitanse berros...)  
Pare! Pare...!  
Non encerren a sesión  
que acabo de chegar.  
Salveime dun bo perigo  
que me querían talar.

### XUÍZA

Quen é vostede señora,

citada aqui non está  
de onde ven acalorada  
falando non máis chegar?

### TESTEMUÑA 7

Son unha árbore da fraga  
e aquí veño a denunciar  
que para facer papel  
xa me queren vir talar



Nesta escola hai perigo  
gástase moito papel  
se o reciclan e reducen  
dúas erres fanme ben.

A tercerira é reutilizar,  
e teredes que aprender  
antes de botar ao lixo  
as tres erres comprender.

### AVOGADA

Non fale tanto señora  
co papel gañan diñeiro

esas grandes papeleiras  
que tamén dan moito cheiro..

Sae moi ben a conta  
a acusada non fai mal  
só que o planeta chora  
que o queremos amolar.

### TESTEMUÑA 7

Se o noso planeta chora  
busquemos a solución  
nesta escola as tres erres  
contra a contaminación.

Aprendemos onde o lixo  
con coidado hai que deitar,  
amarelo azul e verde  
temos que diferenciar.

### XUÍZA

Chega xa, avogada  
a sentenza vou dictar  
ben oín os argumentos  
logo podo sentenciar.

Pónase en pé toda a sala  
(Todos en pé)  
Escoiten con atención  
que vou dictar a sentencia  
porque é moita acusación.

Dona Lixo apelidada  
Dona Contaminación  
condeote por malvada

por efecto destructor.

Porque lixas toda auga  
que temos para beber  
o aire que respiramos  
e as terras para crecer.

Tamén enfermas a terra  
que nos ten que alimentar  
e somos nenas e nenos  
que queremos disfrutar.

Disfrutar dun aire limpo  
de auga sen contaminación  
e aqui remata o xuízo,  
botémoslle unha canción!!



AS ORDES DO MECO  
REUTILIZANDO PAPEIS OU CARTÓNS  
UN BONITO GORRO DEBERÁS FACER,  
E A CABEZA BEN QUENTIÑA  
O MARTES DEBERÁS TRAER.



SE O MÉRCORES QUERES DISFRUTAR  
PRIMEIRO DEBERÁS RECICLAR,  
RETALLANDO MOITO NA CASA,  
UNHA PAXARIÑA OU GARAVATA  
FARÁS CON MOITA LEDICIA.

O XOVES PULSEIRAS E COLARES INVENTARÁS  
E AO COLEXIO MOI ELEGANTE VIRÁS,  
AO XUÍZO PODERÁS PASAR  
SE TODO XUNTO CONSIGUES LEVAR.



# ENTROIDO 2013



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN  
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA  
**CEIP MANUEL MASDÍAS**  
EQUIPO DE NORMALIZACIÓN E DINAMIZACIÓN LINGÜÍSTICA